UNIDADE 3 : A ARTE ROMÁNICA. EXERCICIO PARA ENVIAR Á TITORÍA.

1.COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

Para comentar esta obra, convén que sigas unha serie de pasos que che van axudar a clarificar os aspectos a comentar e as pautas da análise. En primeiro lugar, bótalle un ollo aos aspectos que debes comentar nunha obra arquitectónica que están no correo de presentación da materia ou tema 0; despois, fíxate nos comentarios de obras de arte que tes nos exercicios descargables autoavaliables nesta e nas outras unidades; alí atoparás un modelo de análise que debe centrarse nos seguintes aspectos:

1. Análise formal e tipolóxico: Debes comezar facendo unha análise descritiva do tipo de obra de que se trata, atendendo aos aspecto arquitectónicos. Analiza os estruturais desta obra (soportes, arcos, cubertas, contrarrestos...), as características non formais desprendidas da análise, e a tipoloxía á que pertence segundo a análise realizada.

2. Identificación da obra: Nome da obra, cronoloxía, estilo e autor.

3. Contexto histórico-artístico: Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve.

Recorda que estes aspectos non constitúen un modelo pechado, xa que cada obra ofrece unhas características particulares ás que debes atender na súa análise. Para comentar esta obra, é fundamental que coñezas os contidos desta unidade: repasa a parte de arquitectura, contexto histórico e características xerais da arte románica e presta atención ao anexo de imaxes do documento descargable.